


Asociación cultural Mirándolle os Dentes

BOLETÍN INFORMATIVO



FEGACLÁSIC[®]

Marzo 2009 / Número: 0

Nova edición da feira do automóbil clásico e antigo de Pontecesures

No medio da polémica polo desencontro co equipo gobernante no concello de Pontecesures, a IIIª edición da feira cunha imaxe renovada, arranca en maio.


O **16 e 17 de maio do 2009**, coincidindo coa celebración do **Día das letras Galegas**, celebrarase en Pontecesures, na zona do peirao, a **IIIª edición da Feira do Automóbil Clásico "Fegaclásic"**. Este ano cun programa máis ambicioso e que ten por obxectivo proxectar a feira cara o futuro, converténdoa nun referente a nivel galego, para todas as persoas afeccionadas ao automóbil clásico e antigo. Como na edición do 2008, a feira contará con todo tipo de exposicións e mostras de vehículos. Haberá repostos de todas as marcas e actividades lúdico-didácticas pensadas para os máis cativos.

Nos vindeiros días, a asociación Mirándolle os Dentes, fará público o programa completo da feira 2009.

A asociación, logo do desencontro producido co equipo gobernante no concello, motivado por unha clara discrepancia en relación coa relevancia e función da feira, decidiu realizar a convocatoria nunhas datas que consideramos máis axeitadas e, especialmente, desvinculadas da festa da lamprea. O obxectivo desta estratexia non é outro ca o de non misturar dous eventos que teñen dinámicas diferentes e que, se queren medrar e ter entidade propia, han de realizarse por separado. Este foi sempre o obxectivo da asociación e perfectamente coñecido e compartido polo concello ate este ano que, sorprendentemente para nós, descolgouse da colaboración e realizou a convocatoria pola súa conta, mesmo rexistrando o nome para impedir que a asociación puidese continuar coa súa iniciativa.

A asociación cultural Mirándolle os dentes desexa facer un chamamento á cordura dos nosos gobernantes e agarda a súa colaboración con Fegaclásic, porque entendemos que é a feira que realmente recolle o espírito dos pioneiros do ano 1925, dándolle un novo impulso a partir do ano 2007. Ademais, queremos realizar unha chamada á colaboración con Fegaclásic de todas as persoas que así o desexen. As persoas interesadas poden dirixirse a calquera integrante

da asociación ou através da páxina web, utilizando os enderezos electrónicos que figuran na páxina de contacto.



FEGACLÁSIC[®]

FEIRA GALEGA DO AUTOMÓBIL CLÁSICO

MIRÁNDOLLE OS DENTES

Automóbil clásico e antigo • Motocicletas e repostos

16 e 17 de maio/09

PONTECESURES • PONTEVEDRA

Espazos gratuitos para expositores e vendedores

ORGANIZAN



Rúa Novo Níñez, 22 - 3º E • 36640 Pontecesures • Teléfono: 620 19 82 00 • Correo electrónico: mirandollesdentes@hotmail.com

Cartel da IIIª edición de Fegaclásic.

Éxito da primeira convocatoria da feira do automóbil antigo de Pontecesures no ano 2007

No marco da Festa da Lamprea do 2007 e coa colaboración do Concello de Pontecesures, celebrouse a primeira edición da Feira do Automóbil Antigo de Pontecesures.

Foi a primeira vez, logo de que no 1956 se celebre a última feira do vehículo de ocasión, que en Pontecesures tivo lugar un evento destas características. A asociación iniciou este ano ao calor dos preparativos da feira, a súa andaina. Aínda que o noso obxectivo principal é a organización da Feira, non descartamos realizar outro tipo de convocatorias que consideremos de interese, pois a nosa condición de asociación cultural vai máis alá da celebración deste evento.

En calquera caso, esperamos contar coa axuda e colaboración tanto das persoas afeccionadas aos automóviles antigos, como de calquera outra que desexe participar con nós na organización deste ou doutros eventos.



A Feira do automóbil antigo de Pontecesures consolídase logo do éxito da edición do 2008

Como era de esperar, logo da expectación xenerada pola primeira convocatoria, esta segunda feira vestíuse de longo e acadou un éxito que non agardabamos. Nesta ocasión, ademais da exposición de coches antigos e clásicos, pudemos contemplar un interesantísimo parque de motocicletas, bicis, vehículos industriais, agrarios, etc. Na carpa que se instalou no peirao, todos os afeccionados atoparon unha completa mostra de pezas orixinais e recambios que agradou tanto aos expertos como ao público curioso.



Historia das feiras do automóbil de Pontecesures

No ano 1925, un grupo de amigos -veciños de Pontecesures- comezaron a pensar na idea de realizar unha feira do automóbil. Esta idea xurdiu ao decatarse que nas feiras cabalares que se celebraban na zona, no medio dos cabalos había algún vehículo á venda, polo tanto, se hai feiras de cabalos -que eran o medio de transporte da época- por que non podía haber feiras de automóbeis que xa comezaban a verse nas nosas rúas.

Con este pensamento, o sr. Eugenio Escuredo e o sr. Salvador Sierra, desprázanse ate a cidade alemá de Leipzig, onde se celebraba unha feira destes cacharros chamados automóbeis. Á súa volta de Alemaña contan aos seus amigos todo o visto e póñense a traballar. O día 27 de xuño de 1925 inaugúrase a Feira do Automóbil de Ocasión na que se presenta o primeiro automóbil que circulou por Galicia.

Durante tres días a Feira é visitada por máis de 10.000 persoas. Están expostos un total de 598 vehículos e o seu valor supera os 5 millóns da época.

O éxito é total e ten unha grande repercusión nos medios de comunicación. Esta Feira está recoñecida como a primeira das súas características celebrada en España. Con ela colaboraron artistas da talla de Carlos Maside, Castelao, Oria Moreno, Granell, etc.

A día de hoxe, moitas rúas de Pontecesures levan os nomes daqueles que fixeron posible as feiras do automóbil de ocasión. Este é o noso pequeno homenaxe para todos eles, amantes dos vehículos e do seu pobo: Eugenio Escuredo, Salvador Sierra, Víctor García, Ramón Piñeiro, José Novo, Jesús Cabeza, José Sierra, Baldomero Carlés, Luis Diéguez, Ramón Diéguez, Luciano García, Carlos Morales e Feliciano Touceda.

(Datos recollidos do libro "Historia das Feiras do Automóbil de Ocasión" do autor: D. Xosé Piñeiro Ares. Editado en 1989).



Asociación Cultural Mirándolle os Dentes

Esta asociación foi creada por un grupo de amigos afeccionados aos vehículos clásicos e namorados das feiras do automóbil de ocasión, que tanta fama deron no seu momento ao noso pobo. A nosa ilusión é conseguir que Pontecesures sexa coñecido polas súas feiras do automóbil antigo e facernos cun oco dentro do calendario das grandes feiras deste tipo que se celebran en España.

Ao mesmo tempo, trataremos de fomentar eventos relacionados con este mundo, e trataremos de recuperar o pouco patrimonio que quede no noso pobo de vehículos antigos.

